

Actuais ameazas do río Miño promovidas ou permitidas polo Concello de Lugo

Urbanización das Saamasas e os pisos baleiros de Lugo

A urbanización das Saamasas é totalmente innecesaria, sendo inxustificable o grave impacto ambiental que está a provocar na contorna do río a causa dos movementos de terras, a canalización das augas, e a eliminación de toda a masa arbórea autóctona, incluídas algunhas árbores moi lonxevas que había neste enclave (estas sí eran autóctonas, e non os eucaliptos do barrio multiecolóxico). Este espazo privilexiado, tería que ser de uso público e non só para uns poucos, tendo en conta ademais a gran cantidade de pisos baleiros que hai en Lugo.

Se isto non fora suficiente, as obras comezaron sen a preceptiva autorización por parte da DX de Patrimonio, por estar na contorna do BIC das Saamasas. Solicitamos a súa inmediata paralización.

A fábrica da luz: Exemplo de abandono

Dende que se paralizaran as obras da fábrica da luz, tanto o edificio como o acceso ao río mantéñense valados, e presentan un estado de abandono supoñendo un grave risco de accidentes.

Malia que o Concello lanzou un proceso de participación pública para o destino do edificio, non se leva avanzado nada nese senso. O uso de explotación hidroeléctrica debe ser totalmente descartado, tendo en conta o enclave no que se atopa a fábrica da luz, non sendo compatible ca poboación das especies en perigo de extinción alí atopadas, e podería potenciar a proliferación de especies exóticas invasoras.

Dende ADEGA, instamos ao Concello a que desenvolva un plan de xestión pública do edificio xunto coa contorna, cuxa finalidade sexa de utilidade pública.

Consideramos que o edificio racionalista de Eloi Maquieira podería declararse como BIC, polos seus valores culturais e arquitectónicos. Lugo foi unha das primeiras cidades en ter alumeado público eléctrico, polo que instamos ao Concello á implantación dun Museo da luz e Biodiversidade do río Miño.

O Clube Fluvial: única zona de baño declarada en Lugo

O Clube Fluvial está en proceso de solicitar novamente a concesión de uso de auga e legalización das instalacións. Para ADEGA estamos ante unha oportunidade única e irrepertible de recuperar este treito do río Miño para uso público e liberar a zona de servidume. Pensamos que no século XXI, e nun contexto global de cambio climático, xa non teñen cabida autorizacións ou concesións en dominio público hidráulico que traten de perpetuar para as vindeiras décadas zonas de baño privadas ou de uso exclusivo para uns poucos e obras que interrompen o acceso ou paso público á zona de servidume.

Dende ADEGA instamos ao Concello de Lugo a presentar diante da CHMS a correspondente petición de concesión para o uso dese treito do río Miño como zona pública de baño, tendo en conta . Neste mesmo trámite, o Concello tamén podería solicitar a declaración de

utilidade pública do proxecto e a imposición das servidumes que se consideren necesarias para poder converter ese treito fluvial en zona pública de baño.

Ao mesmo tempo, demandamos á CHMS o estrito cumprimento da lei en canto á nova concesión do Clube Fluvial e exixa á entidade deportiva cumprir coa obriga legal de deixar libre e accesible a zona de servidume do río Miño e retirar os valados e portas que impiden o tránsito desde o río á terra de persoas e animais. Lembrando ademais, que as novas concesións para os vindeiros anos terían que someterse á avaliación de impacto ambiental ao afectar a un espazo natural protexido como Zona de Especial Conservación (ZEC) Parga-Ladra-Támoga, zona de Rede Natura 2000 e zona núcleo da Reserva da Biosfera.

Nos 3 anos que durou a tramitación do proxecto das piscinas flotantes, o Concello podería ter abordado un proxecto de recuperación para uso público dos espazos privatizados do río Miño ao seu paso por Lugo, e que hoxe en día xa podería ser efectivo. O proxecto das piscinas, igual que o das termas artificiais, están a servir para manter os privilexios de entidades privadas sobre o río á costa de malgastar recursos públicos e aumentar os impactos ecolóxicos sobre o Miño.

Caudal Fest: Macro festival en plena Rede Natura

Macro festivais como o Caudal Fest, no que se reunen máis de 30000 non teñen cabida en plena Rede Natura. Instamos ao Concello a trasladalo a espazos con menor valor ambiental.

Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible (EDUSI) Muramiñae, da muralla ao Miño

A estratexia DUSI debería estar encamiñada a recuperar os espazos públicos e conservar os valores naturais para que a cidade se adapte de cara á transición ecolóxica. O río Miño, pode ser un factor de resiliencia fronte o cambio climático.

Creemos que os proxectos non deben ir encamiñados a unha maior privatización ou explotación privada, senón a achegar ás persoas ao río e a posta en valor dos elementos que fan significativa a importancia ambiental (as especies e os hábitats) e cultural (os caneiros, e elementos etnográficos existentes).

Nos tempos de crise ambiental e sanitaria que estamos a vivir, a sociedade demanda espazos naturais, e en vez de intervir na contorna privilexiada que temos na cidade de Lugo, os proxectos deberían conservar esta riqueza e protexer a súa biodiversidade.